

Mercados concorrenciais

Eficiencia e distribución



Fernando del R o

Universidade de Santiago de Compostela

Mercados concorrenciais

Eficiencia e distribución

Fernando Del Río

Universidade de Santiago de Compostela

Publicado polo European Liberal Forum asbl, co apoio da Asociación Galega pola Liberdade e a Democracia (Galidem) e o Movemento Liberal Social (MLS).
Financiado polo Parlamento Europeo.

O Parlamento Europeo non é responsabel do contido da publicación. Os puntos de vista expresados na publicación son dos respectivos autores e non reflicten necesariamente os puntos de vista do European Liberal Forum asbl.

copyright @ 2012 European Liberal Forum asbl, Bruxelas, Bélxica.

Esta publicación só pode ser reproducida, arquivada ou transmitida, en calquera formato ou por calquera medio, coa autorización previa por escrito do editor. As cuestións relacionadas con a reprodución fora destes termos deben ser enviadas ao European Liberal Forum. Unha copia dixital desta publicación poderá ser obtida gratuitamente en www.liberalforum.eu, www.galidem.eu ou www.liberal-social.org.

Para informacións adicionais e distribución:

galidem - Asociación Galega pola Liberdade e a Democracia
Rua do Bispo Lago 33,
E36700 Tui (Galiza), España
www.galidem.eu
galidem@galidem.eu

MLS - Movemento Liberal Social
Rua Ramalho Ortigão, 31, CV DTA
1070-228 Lisboa . Portugal
www.liberal-social.org
secretariado@liberal-social.org

Ficha Técnica:

Título: Mercados concorrenciais: eficiencia e distribución
Serie: Unidades Didáticas sobre Liberalismo. III. Economía.

Autor: Fernando Del Río
Editor: European Liberal Forum asbl
Capa: Mercado en Jodhpur, Rajastán (Índia) Photo WillGoTo.

Revisión do texto: Eduardo L. Giménez

Imprime: *Faster Print*

Palabras chave: mercados concorrenciais, liberalismo, liberal, economía, pensamento liberal.

Índice

1.	Introdución	p. 1
2.	O mercado	p. 2
2.1.	Valoracións e dotacións	p. 2
2.2.	Oferta e procura	p. 3
2.3.	Os marxinais	p. 5
3.	As ganancias da troca	p. 6
4.	Eficiencia	p. 9
5.	Contribución ao excedente social	p.12
6.	Concorrenca	p.14
6.1.	Libre participación	p.14
6.2.	O prezo de equilibrio	p.14
6.3.	Eficiencia	p.15
6.4.	Distribución	p.16
6.5.	A maxia dos prezos	p.17
6.6.	A ética da concorrenca	p.18
7.	Conclusións	p.20
	Para saber máis...	p.21
	Resumo	p.22
	Actividades	p.24

1

Introdución

Ao longo da historia o libre mercado foi o principal xeito ao cal teñen recorrido as diferentes sociedades para afectaren os recursos. Mais que é o que fai as economías de mercado tan atractivas?

O obxectivo desta unidade didáctica é poñer de manifesto o funcionamento e virtudes dos mercados libres. Virtudes que o teñen convertido no mecanismo de afectación de recursos predilecto da humanidade e o alicerce de calquera sociedade próspera.

Para cumprir este obxectivo desenvolvemos un simple exemplo dunha economía de troca. A pesares da súa sinxeleza, o exemplo ilustra perfectamente as virtudes dos mercados perfectamente concorreniais, nos cales se respecta a participación libre e voluntaria de todos os individuos na troca.

Como mostramos ao longo desta unidade, nos mercados perfectamente concorreniais hanse explotar todas as ganancias da troca e cada quen ha ser retribuído conforme a súa contribución á sociedade. Ademáis, os mercados concorreniais son extremadamente eficientes en termos informacionais, pois os prezos transmiten toda a información necesaria para a tomada das decisións individuais, e son compatíbeis en incentivos, pois todos os individuos teñen os incentivos correctos a se comportaren do xeito en que se comportan.

Esta unidade está organizada como segue: na segunda sección describimos o noso exemplo, o mercado. As ganancias da troca explícanse na terceira sección. A cuarta sección está destinada a definir a contribución dun individuo á sociedade. Na quinta sección analizamos o resultado que produce a cooperación libre e voluntaria dos individuos. O funcionamento e propiedades dos mercados perfectamente concorreniais son analizados na sección sexta. Finalmente, na sección sétima conclúese.

2

O mercado

Nesta sección realizamos a descrición do mercado que usaremos como base para realizarmos a nosa análise do funcionamento dos mercados concorreniais.

2.1 Valoracións e dotacións

Existen 10 individuos no mercado dun ben homoxéneo. Cinco deles (Abelardo, Bernabé, Carlos, Damián e Evaristo) posúen unha unidade dun ben e os outros cinco (Ánxelo, Bento, Celso, Diogo e Eduardo) non posúen nada. Cada individuo valora o ben nunha certa cantidade de euros. Cada individuo desexa posuír como máximo unha unidade do ben. Esta información está resumida no Cadro 1.

Cadro 1: valoracións e dotacións

Individuo	Valoración	Dotación	Individuo	Valoración	Dotación
Abelardo	2 euro	1	Ánxelo	10 euros	0
Bernabé	4 euros	1	Bento	8 euros	0
Carlos	6 euros	1	Celso	6 euros	0
Damián	8 euros	1	Diogo	4 euros	0
Evaristo	10 euros	1	Eduardo	2 euros	0

Supomos que o comportamento dos individuos se rexe polas seguintes regras:

- Se lle ofrecen un prezo polo ben superior á súa valoración estará disposto a vendelo;
- Se obtén un prezo inferior á súa valoración estará disposto a compralo; e,
- Se o prezo é igual á súa valoración estará indiferente entre comprar e vender.

Observación 1: A valoración dun individuo é o prezo mínimo a que está disposto a vender e o prezo máximo a que está disposto a comprar.

Como pode observar, no Cadro 1 existen individuos que posúen unha unidade do ben e individuos que non posúen nada. Os individuos que posúen o ben son potenciais vendedores (chamarémolos vendedores), e os que non posúen nada son potenciais compradores (chamarémlos compradores). Cada individuo quere consumir como máximo unha unidade do ben.

2.2. Oferta e procura

Existe unha relación entre o prezo do ben e a cantidade do ben que os individuos están dispostos a vender:

- Se o prezo do ben fose inferior a 2 euros entón ninguén querría vender (a oferta no mercado sería de 0 unidades do ben).
- Se estivese comprendido entre 2 e 4 euros só Abelardo estaría disposto a vender (a oferta no mercado sería de 1 unidade).
- Se fose entre 4 e 6 euros, tanto Abelardo como Bernabé estarían dispostos a vender (a oferta no mercado sería de 2 unidades).
- Se fose entre 6 e 8 euros entón Abelardo, Bernabé e Carlos estarían dispostos a vender (a oferta no mercado sería de 3 unidades).
- Se fose entre 8 e 10 euros entón Abelardo, Bernabé, Carlos e Damián estarían dispostos a vender (a oferta no mercado sería de 4 unidades).
- Se fose maior que 10 euros, todos estarían dispostos a vender (a oferta no mercado sería de 5 unidades).


Esta relación entre o prezo e a cantidade que se desexa vender represéntase na Figura 1 e recibe o nome de **curva de oferta**.

Definición 1 A **curva de oferta** é a relación entre o prezo e cantidade máxima que os vendedores están dispostos a vender a ese prezo.

Existe unha relación entre o prezo do ben e a cantidade que do ben os individuos están dispostos a comprar:

- Se o prezo do ben fose superior a 10 euros entón ninguén querría comprar (a procura no mercado sería de 0 unidades).
- Se estivese comprendido entre 10 e 8 euros só Ánxelo estaría disposto a comprar (a procura no mercado sería de 1 unidade).
- Se fose entre 8 e 6 euros entón tanto Ánxelo como Bento estarían dispostos a comprar (a procura no mercado sería de 2 unidades).
- Se fose entre 6 e 4 euros entón Ánxelo, Bento e Celso estarían dispostos a comprar (a procura no mercado sería de 3 unidades).

Figura 1: o mercado



- Se fose entre 4 e 2 euros entón Ánxelo, Bento, Celso e Diogo estarían dispostos a comprar (a procura no mercado sería de 4 unidades).
- Se fose menor que 2 euros entón todos estarían dispostos a comprar (a procura no mercado sería de 5 unidades).

Esta relación entre o prezo e a cantidade que se desexa comprar represéntase na Figura 1 e recibe o nome de **curva de procura**.

Definición 2 A **curva de procura** é a relación entre o prezo e cantidade máxima que os compradores están dispostos a comprar a ese prezo.

2.3. Os marxinais

Se ordenamos aos compradores en orden decrecente segundo as súas valoracións e os vendedores en orden crecente segundo a súas valoracións podemos realizar as seguintes definicións:

Definición 3 O comprador (resp. vendedor) marxinal é o primeiro comprador na orde antes descrita tal que a súa valoración é igual ou inferior (resp. superior) á valoración do seu par (do vendedor (resp. comprador) que ocupa o mesmo posto que el na orde descrita)

Definición 4 A valoración marxinal de compra (resp. de venda) é a valoración do comprador (resp. vendedor) marxinal.

Na Figura 1 temos todos os vendedores e compradores ordenados. De acordo coas definicións dadas, o comprador marxinal é Celso e a valoración marxinal de compra é 6, mentres que o vendedor marxinal é Carlos e a valoración marxinal de venda é 6.

Na nosa economía descrita no Cadro 1 as valoracións marxinais de compra e de venda cadran. Referirémonos entón, a partires de agora, simplemente a valoración marxinal. Porén, non necesariamente ambas valoración teñen porque coincidir. Existe unha xustificación para ter escollido un exemplo no que ambas valoracións cadran. Se nun mercado existe tanto un gran número de compradores como de vendedores a probabilidade de que polo menos un vendedor e un comprador teñan a mesma valoración é moi elevada.

Tomando como referencias o comprador marxinal e o vendedor marxinal podemos realizar unha caracterización do resto de individuos participantes no mercado agrupándoos en intra-marxinais e extra-marxinais.

Definición 5 Un comprador (resp.vendedor) intra-marxinal é aquel cuxa valoración é superior (resp. inferior) á do comprador (resp. vendedor) marxinal.

Definición 6 Un comprador (resp.vendedor) extra-marxinal é aquel cuxa valoración é igual ou inferior (resp. superior) á do comprador (resp. vendedor) marxinal.

3 As ganancias da troca

Realizar un acordo de compra-venda entre un produtor e un consumidor implica unha ganancia neta. Por exemplo, se Abelardo vende un queixo a Ánxelo xérase unha ganancia neta da troca de 8 euros, pois Ánxelo valora o ben en 10 euros mentres Abelardo valórao en 2 euros. A esta ganancia neta produto da troca chamámoslle **excedente da transacción**. Vexa a Figura 2.


Definición 7 O excedente dunha transacción é a diferenza entre a valoración do comprador e a valoración do vendedor.

O excedente dunha transacción partillarase entre o comprador e o vendedor en función do prezo acordado. Se o prezo do ben está comprendido entre a valoración do comprador e a valoración do vendedor entón a transacción será beneficiosa para ambas partes. Se for así, ambas partes estarán interesadas na troca. Porén, se o prezo fose inferior á valoración do vendedor o excedente do vendedor sería negativo e se o prezo fose superior á valoración do comprador o excedente do comprador sería negativo. Nestes casos algunha das partes sairía perdendo e non estaría interesada na troca.

Por exemplo, se Ánxelo compra un queixo a Abelardo por 7 euros entón Ánxelo obtén un excedente de 3 euros (a súa valoración menos o prezo) e Abelardo obtén un excedente de 5 euros (o prezo menos a súa valoración). A suma de ambos excedentes é 8 euros e é igual ao excedente da transacción (valoración do comprador menos a do vendedor). Ambos, comprador e vendedor, obterían ganancias de realizar esta transacción, sería mutuamente beneficiosa e estarían interesados en realizala. Véxase Figura 2. Porén, se o prezo fose de 1 euro entón o excedente do vendedor (de Abelardo) sería -1 euro e o excedente do comprador (de Ánxelo) sería de 9 euros. Sería unha transacción beneficiosa para o comprador (para Ánxelo), mais non para o vendedor (para Abelardo). O vendedor (Abelardo) non estaría interesado na troca. E se o prezo fose de 11 euros entón o excedente do comprador (de Ánxelo) sería de -1 euro e o do vendedor (de Abelardo) de 9 euros. A transacción sería beneficiosa para o vendedor, mais non para o comprador. Ánxelo non estaría entón interesado en realizar a transacción.

Definición 8 O excedente do comprador é a diferenza entre a súa valoración do ben e o prezo que paga por el.

Figura 2: O excedente



Definición 9 O excedente do vendedor é a diferenza entre o prezo que cobra polo ben e a súa valoración.

Observación 2 Existe unha transacción potencialmente beneficiosa tanto para o comprador como para o vendedor se a valoración do comprador é maior que a valoración do vendedor.

Compradores que procuren o seu propio interese nunca chegarán a un acordo que implique un prezo superior á súa valoración, e vendedores que procuren os seu propio interese nunca acordarán un prezo que estea por baixo da súa valoración. Pois se así fixeran obterían un excedente negativo. Por tanto, nun mercado poboado por axentes racionais os prezos dos bens transaccionados nun mercado situaríanse entre as valoracións dos compradores e as valoracións dos vendedores.

Definición 10 Unha transacción é mutuamente beneficiosa (beneficiosa tanto para o comprador como para o vendedor) se o prezo acordado está comprendido entre a valoración do vendedor e a a valoración do comprador.

Nunha transacción mutuamente beneficiosa o prezo está comprendido ente a valoración do vendedor e a valoración do comprador e, por tanto, o excedente do comprador (valoración menos prezo) e o excedente do vendedor (prezo menos valoración) serán non negativos e un polo menos estritamente positivo.

Definición 11 Unha transacción é mutuamente beneficiosa se o excedente do comprador e o do vendedor son ambos non negativos e polo menos un dos dous estritamente positivo.

A suma de todos os excedentes obtidos na troca polos compradores e os vendedores é o excedente social. O excedente social mide as ganancias da troca.

Definición 12 O excedente social é a suma dos excedentes dos produtores e dos consumidores.

4 Eficiencia

Será desexábel extraer todas as posíbeis ganancias da troca. Isto conseguirase si se maximiza o excedente social. Se nun mercado se explotan todas as ganancias posíbeis da troca entón dicimos que este mercado funciona eficientemente.

Definición 13 Un mercado funciona eficientemente cando se obtén o excedente social máximo.

Para maximizar o excedente social todos os individuos con valoración superior á marxinal deben posuír unha unidade do ben (é dicir, todos os compradores intra-marxinais e todos os vendedores extra-marxinais). Dito doutro xeito, se queremos maximizar o excedente social é necesario que aqueles que menos valoran o ben o vendan, e aqueles que máis o valoran o compren. De non ser así, se algún individuo con valoración superior á marxinal non posúe unha unidade do ben, entón isto implicaría que habería un individuo con valoración inferior á marxinal que posúe unha unidade do ben. Mais, entón, unha transacción entre estes dous individuos xeraría un excedente positivo. Por tanto, nunha situación na que un individuo con valoración inferior á marxinal posúe o ben non se maximiza o excedente social. Porén, se todos os individuos con valoración superior á marxinal posúen o ben entón non existe a posibilidade de realizar unha transacción que xere un excedente estritamente positivo – non existen ganancias da troca sen explotar— e, por tanto, o excedente social é máximo.

Considere a afectación do Cadro 2. Non é unha afectación eficiente pois como pode ver Evaristo, que valora o ben en 10 euros, non posúe o ben, mentres que Celso, que o valora en 6 euros, o posúe. Unha transacción entre Celso e Evaristo xeraría un excedente de 4 euros. Por tanto, na situación descrita no Cadro 2 non se maximiza o excedente social, existen posíbeis ganancias da troca que están sen explotar.

Porén, a afectación do Cadro 3 é eficiente pois son os individuos que máis valoran o ben quen o posúen e por tanto non restan posíbeis ganancias da troca sen explotar, é dicir non hai transaccións que xeren un excedente estritamente positivo.

O excedente social máximo que se pode obter neste mercado é de 12 euros. Nótese que a suma das valoracións de Abelardo e Bernabé é 6 euros, es estes despréndense do ben, mentres que a suma das valoracións de Ánxelo e Bento, que compran o ben, é 18 euros. A diferenza é 12 euros, o excedente social

Cadro 2: ineficiencia

Individuo	Valoración	Dotación	Individuo	Valoración	Dotación
Abelardo	2 euro	0	Ánxelo	10 euros	1
Bernabé	4 euros	0	Bento	8 euros	1
Carlos	6 euros	1	Celso	6 euros	1
Damián	8 euros	1	Diogo	4 euros	0
Evaristo	10 euros	0	Eduardo	2 euros	0

Cadro 3: eficiencia

Individuo	Valoración	Dotación	Individuo	Valoración	Dotación
Abelardo	2 euro	0	Ánxelo	10 euros	1
Bernabé	4 euros	0	Bento	8 euros	1
Carlos	6 euros	1	Celso	6 euros	0
Damián	8 euros	1	Diogo	4 euros	0
Enrique	10 euros	1	Eduardo	2 euros	0

máximo. Na Figura 1 a área coreada representa o excedente social máximo que se pode alcanzar neste mercado.

Observación 3 O excedente social obtido nun mercado será máximo cando non resten transaccións que xeren un excedente positivo –e, por tanto, que potencialmente resultasen mutuamente beneficiosas– sen realizar.

Observación 4 Un mercado que funciona eficientemente explota todas as ganancias da troca.

Nótese que nun mercado que funcione eficientemente a posesión do ben acaba nas mans daqueles individuos que máis o valoran. Por tanto, se supomos que o benestar da sociedade é a suma das valoracións individuais, entón un mercado que funcione eficientemente logra maximizar o benestar social. Se un suma as valoracións dos individuos que posúen unha unidade do ben na afectación do Cadro 1 ten que estas suman 30 euros, mentres que esta suma é maior no caso eficiente do Cadro 3, en concreto 42 euros.

Maximizar o excedente social debería ser o obxectivo social pois así lograríamos extraer todas as potenciais ganancias da troca. Ademais, se o mercado está a xerar o excedente social máximo xa non existe a posibilidade de que algún individuo mellore a súa situación sen empeorar a de alguén. Se o excedente social é máximo, se queremos darlle un pouco máis deste excedente a algún individuo necesariamente teremos que quitarlle a outro. Porén, se o excedente social non é máximo podemos incrementar o excedente e así algún individuo pode obter máis sen que ningún outro obteña menos.

No Cadro 2 que é unha situación ineficiente: existe a posibilidade de que alguén mellore sen que ninguén empeore. Así, se Celso vende o ben a Evaristo por 8 euros entón Celso obtén un excedente de 2 euros e Evaristo tamén de 2 euros. Ambos melloraron e ninguén empeorou. Porén, o Cadro 3 describe unha situación eficiente, xa non hai posíbeis ganancias da troca sen explotar. Se Damián vende o ben a Diogo por 2 euros entón Diogo obtén 2 euros de excedente, e sae gañando, mais Damián obtén -6 euros, sae perdendo.

Observación 5 Se un mercado funciona eficientemente non existen transaccións que potencialmente resultasen mutuamente beneficiosas sen realizar.

Observación 6 Se un mercado funciona eficientemente xa non existe a posibilidade de que algún individuo mellore sen que algún outro empeore.

5

Contribución ao excedente social

Podemos agora preguntarnos cal é a contribución máxima de cada individuo ao excedente social. Así, definimos a contribución máxima ao excedente social dun individuo como:

Definición 14 A contribución máxima ao excedente social dun individuo, é a diferenza entre o excedente social máximo se este individuo participa no mercado e o excedente social máximo se non participa.

Nun mercado que funcione eficientemente, como temos visto, Abelardo e Bernabé venden e Ánxelo e Bento compran. Os outros non participan. O excedente social que se xera é máximo, 12 euros. Supoña agora que Abelardo se retira do mercado. Entón entrará no mercado Carlos a vender o ben, e que valora en 6 euros. A suma das valoracións de Bernabé e Carlos, que venden o ben, é de 10 euros e a suma das valoracións de Ánxelo e Bento, que compran o ben, é de 18 euros. O excedente social máximo sen a participación de Abelardo é de 8 euros, mentres que era de 12 euros coa súa participación. Por tanto, dicimos que a contribución de Abelardo ao excedente social é de 4 euros. Na Figura 3 representamos o mercado e o excedente social máximo que se xera no mesmo cando Abelardo non participa. Se comparamos coa Figura 4, que representa o mercado coa participación de Abelardo, vemos que o excedente social máximo é mais pequeno. Concretamente 4 euros mais pequeno.

Nótese que cando un individuo intra-marxinal abandona o mercado entón é substituído polo individuo marxinal. Por tanto, hai unha forma simple de calcular para os compradores e os vendedores intra-marxinais a súa contribución ao excedente social máximo. Abonda con restar a súa valoración á valoración do comprador ou vendedor marxinal e tomar o valor absoluto desta diferenza. Nótese que a contribución máxima ao excedente social dos individuos marxinais e extra-marxinais é cero pois o excedente social máximo é o mesmo tanto na súa presenza como na súa ausencia.

Observación 7 A contribución máxima ao excedente social dun comprador intra-marxinal é a diferenza entre a súa valoración e valoración do comprador marxinal.

Observación 8 A contribución máxima ao excedente social dun vendedor intra-marxinal é a diferenza entre a valoración do vendedor marxinal e a súa valoración.

Figura 3: O excedente sin Abelardo





Figura 4: Contribuições no mercado



6

Concorrenca

Analizamos agora nesta sección o funcionamento e o resultado dun mercado perfectamente concorrenca. Para iso vamos a usar o mercado descrito na sección 2. Veremos como se nun mercado se garante a libre participación dos individuos entón este mercado ha explotar todas as ganancias da troca e ademáis cada individuo ha ser retribuído conforme á súa contribución ao excedente social.

6.1. Libre participación

Un mercado no que todos os individuos sexan libres de participar, é dicir, de realizar todas as transaccións que desexen ao prezo que desexen sen ningún tipo de impedimento, ha funcionar eficientemente pois todos os individuos teñen interese en realizar todas as transaccións mutuamente beneficiosas posibles. Como mostramos anteriormente, se se realizan todas as transaccións mutuamente beneficiosas posibles, entón o excedente social é máximo e, por tanto, o mercado funciona eficientemente.

Definición 15 Existe libre participación se calquera individuo, comprador ou vendedor, pode decidir se participar ou non nunha transacción sen impedimento algún.

Definición 16 Un mercado é perfectamente concorrenca se existe libre participación e existen polo menos un comprador e un vendedor que teñen a mesma valoración.

6.2. O prezo de equilibrio

Se existe libre participación todas as transaccións hanse realizar a un prezo igual á valoración marxinal –que no mercado que estamos a analizar é 6 euros–, pois, se o prezo dalgunha transacción fose superior, algún dos vendedores que fica fóra do mercado encontraría beneficioso baixar o prezo; e, se fose inferior, entón algún comprador que fica fóra do mercado encontraría beneficioso subir o prezo. A este prezo resultante da concorrenca entre os individuos chamámoslle **prezo de equilibrio** pois, como veremos, equilibra a oferta e a procura.

Observación 9 Nun mercado perfectamente concorrenca o prezo de equilibrio é igual á valoración marxinal.

Vexamos como se chega a este prezo:

- Considere que Abelardo chega a un acordo de compra-venda con Ánxelo por 7 euros e que Bernabé chega a un acordo de compra-venda con Bento por 6 euros. Ante isto, Carlos, que fica fóra do mercado, faralle unha oferta á baixa a Ánxelo, por exemplo de 6,5 euros. Ánxelo, entón, romperá o seu acordo con Abelardo e quererá comprarlle a Carlos. Agora ben, Abelardo reaccionará facendo unha oferta aínda mais baixa. A carreira concorrencial cesará cando se chegue a 6 euros, a ese prezo Carlos retírase do mercado, pois xa non ten interese na troca (en realidade, está indiferente). Abelardo ante a retirada do seu competidor non terá interese en baixar mais o prezo.
- Considere que Abelardo chega a un acordo de compra-venda con Ánxelo por 5 euros e que Bernabé chega a un acordo de compra-venda con Bento por 6 euros. Ante isto, Celso, que fica fóra do mercado, farálle unha oferta á alza a Abelardo, por exemplo de 5,5 euros. Abelardo, entón, romperá o seu acordo con Ánxelo e quererá venderlle a Celso. A carreira concorrencial cesará cando o prezo alcance os 6 euros. A este prezo Celso retírase do mercado, pois xa non ten interese na troca (en realidade, está indiferente). Ánxelo ante a retirada do seu competidor non terá interese en subir máis o prezo.


Como se pode observar na Figura 5 ao prezo de equilibrio a oferta é igual á procura, quere isto dicir que a este prezo a cantidade que os vendedores queren vender é exactamente igual á cantidade que os compradores queren comprar.

6.3. Eficiencia

Se o prezo é igual á valoración marxinal entón todos os individuos intra-marxinais han encontrar beneficioso participar no mercado e, por tanto, realizaranse todas as transacción mutuamente beneficiosas e o mercado, consecuentemente, ha funcionar eficientemente.

Nótese que, se o prezo é de 6 euros, Abelardo e Bernabé han vender e Ánxelo e Bento han comprar, pois vendendo e comprando obteñen un excedente positivo. Se Abelardo lle vende a 6 euros a Ánxelo entón o primeiro obtén un excedente de 4 euros e o segundo tamén de 4 euros. En total o excedente da transacción é 8 euros. Se Bernabé vende a Bento a 6 euros, entón ambos obteñen un excedente de 2 euros. En total 4 euros. Ninguén mais encontrará beneficioso participar no mercado porque non existe ningunha posíbel transacción da que podan obter un excedente positivo. Por tanto, no mercado per-

Figura 5: Equilibrio concorrencial



fectamente concorrencial realízanse todas as transaccións mutuamente beneficiosas e atínxese o excedente social máximo.

Observación 10 Nun mercado perfectamente concorrencial realízanse todas as transaccións mutuamente beneficiosas.

Observación 11 Nun mercado perfectamente concorrencial o excedente social é máximo.

Observación 12 Un mercado perfectamente concorrencial funciona eficientemente.

6.4. Distribución

Ademais unha propiedade moi interesante e que convén subliñar dos mercados perfectamente concorrenciais é que cada axente económico aprópiase exactamente da súa contribución máxima ao excedente social. É dicir da diferenza entre o que sería o excedente social máximo se o axente económico participa no mercado e o que sería o excedente social máximo se o axente económico non participa no mercado. Isto é unha consecuencia directa de que o preço é igual á valoración marxinal, pois todos aque-

les que compran ou venden a un prezo igual á valoración marxinal obteñen unha participación no excedente igual á diferenza, en valor absoluto, entre o prezo e a súa valoración, que como mostramos anteriormente é igual á súa contribución máxima ao excedente social.

Observación 13 Nun mercado perfectamente concorrencial o excedente de cada individuo é igual á súa contribución ao excedente social.

6.5. A maxia dos prezos

Nótese que o mercado perfectamente concorrencial é un mecanismo de afectación de recursos extremadamente eficiente desde un punto de vista informacional pois os prezos transmiten toda a información que os axentes económicos, tanto vendedores como compradores, necesitan para tomar as súas decisións. Ao prezo de equilibrio, que no noso exemplo é 6 euros, todos os compradores saben o que facer. Abelardo e Bernabé queren vender, Ánxelo e Bento queren comprar e os outros queren quedar como están. É dicir, unha vez coñecido o prezo cada axente saberá o que mais lle convén e que decisión tomar en consecuencia.

Observación 14 Nas economías de mercado perfectamente concorrenciais os prezos transmiten toda a información que un axente económico necesita para tomar as súas decisións.

Ademais os prezos cumpren a función de compatibilizar os incentivos que teñen as partes que interveñen nunha transacción. Isto quere dicir que aos prezos de equilibrio ningún individuo, comprador ou vendedor, desexa facer unha cousa diferente da que está a facer. Ánxelo e Bento compran e non queren deixar de comprar ou vender o que compraron a outro individuo; Abelardo e Bernabé venden e non queren deixar de vender, e todos os outros individuos nin compran nin venden e non desexan comprar ou vender.

Observación 15 Nas economías de mercado perfectamente concorrenciais os prezos compatibilizan os incentivos dos axentes económicos.

6.6. A ética da concorrència

Calquera acción pode ser xulgada segundo dous criterios: un *criterio procedemental* —segundo as regras que respectou— ou un *criterio consecuencialista* —segundo as consecuencias que deu lugar. Posiblemente cando os seres humanos xulgamos unha acción combinemos dalgún xeito o criterio procedimental e o consecuencialista; é dicir, a nosa concepción da xustiza preocúpase tanto polas regras que reñen as accións como polos resultados que xeran.

Definición 17 Unha acción é xulgada segundo un criterio procedemental se é xulgada conforme ás regras do xogo que respectou; é dicir, segundo o procedemento que seguiu.

Por exemplo, considere que Pedro Pérez alcanzou unha grande riqueza grazas a que o seu talento e esforzo lle permitiu implementar industrialmente a fusión nuclear, e que Fernando Fernández, fillo do duque de Vilabaixo, usando as influencias propias da súa liñaxe obtivo o monopolio da distribución de cervexa na República de Bananas, o que lle proporcionou unha vasta fortuna. Se acredita na xustiza da primeira situación mais non da segunda, entón unha visión procedemental goberna o seu xuízo.

Definición 18 Unha acción é xulgada segundo un criterio consecuencialista se é xulgada conforme as consecuencias ás que deu lugar.

Por exemplo, se encontra inxusto que 20 millóns de crianzas sufran de desnutrición aguda severa, independentemente dos acontecementos que o expliquen, entón un criterio consecuencialista domina o seu xuízo.

Tendo en mente estes dous criterios polos que se reñe o noso xuízo, podemos preguntarnos cal é a ética subxacente aos mercados perfectamente concorrençiais. Para isto debemos responder dúas preguntas:

1. Cáles son as regras do xogo que se respectan? (criterio procedimental)
2. Cáles son as características da distribución á que dan lugar? (criterio consecuencialista)

A resposta á primeira pregunta é que os mercados perfectamente concorrençiais respectan a participación libre e voluntaria de todos os individuos. É dicir, cada quen compra se quere ao prezo que dese-

xa, cada quen vende se lle peta ao prezo que considere oportuno e ningún individuo ou grupo de individuos pode manipular o mercado ao seu favor.

A resposta á segunda pregunta é que os mercados perfectamente concorreniais conducen á maximización do excedente social e este partíllase entre os individuos en función da contribución de cada quen á sociedade, a cada quen correspóndelle a súa contribución máxima ao excedente social.

7

Conclusiones

Nesta unidade didáctica temos desenvolvido un simple exemplo que nos ten servido para expor as vantaxes da troca libre e voluntaria entre individuos. Temos deixado claro que se a troca é libre e voluntaria entón produce ganancias para todos os participantes na transacción. A estas ganancias da troca chamámoslle **excedente**. A suma de todos os excedente individuais é o **excedente social**.

Os **mercados concorreniais**, aqueles nos que ninguén é impedido de participar, esgotan todas as ganancias da troca o que significa que o o excedente social que se alcanza é o máximo posíbel, o mercado produce un resultado eficiente. Ademáis, nos mercados concorreniais cada individuo é retribuído conforme a súa contribución ao excedente social.

Os **prezos de equilibrio** —os prezos resultantes da interacción entre compradores e vendedores— cumpren a función de transmitir toda a información que os individuos precisan para a tomada das súas decisións. Ademáis, retribúen aos individuos pola súa contribución ao excedente social e así compatibilizan os seus incentivos, pois aos prezos de equilibrio ninguén quere mudar o seu comportamento.

Se xulgamos os mercados concorreniais desde un punto de vista procedemental —segundo os procedementos que respectan— temos que ter en conta que os mercados concorreniais respectan a libre participación de todos os individuos, ninguén confronta traba algunha a entrar ou saír do mercado. Se os mercados son xulgados desde un punto de vista consecuencialista —segundo os resultados que producen— entón, como vimos, os mercados maximizan o excedente social e retribúen a cada quen segundo a súa contribución ao mesmo.

Para saber máis...

- No capítulo 1 do libro *Experimentos con los principios económicos* de **Theodore Bergstrom** e **John H. Miller** e editado por Antoni Bosch (2009, 2ª edición) deséñase un exercicio didáctico no que experimentar co funcionamento do mercado.
- O libro de **Hal R. Varian** *Microeconomía intermedia. Un enfoque actual* editado por Antoni Bosch (2011, 8ª edición) é un excelente libro de texto usado en moitas universidades de todo o mundo que expón de xeito claro os principais conceptos económicos e no que o lector pode encontrar unha análise do funcionamento dos mercados e o comportamento dos axentes económicos que os constitúen.
- No documento de traballo N°672 do ano 1995 publicado polo UCLA Department of Economics “General Equilibrium and Market Socialism: Clarifying the Logic of Competitive Markets” Louis **Makowski** e **Joseph M. Ostroy** poñen de manifesto o papel informacional e de apropiación que leva a cabo o sistema de prezos nos mercados concorrenciais.

<http://www.econ.ucla.edu/workingpapers/wp672.pdf>
- No libro *Free Market Fairness* editado por Princeton University Press no 2012, **John Tomasi** reflexiona sobre a xustiza implícita no libre mercado.

RESUMO

1. A **valoración** dun individuo é o prezo mínimo ao que está disposto a vender e o prezo máximo ao que está disposto a comprar. A **curva de oferta** é a relación entre o prezo e cantidade máxima que os vendedores están dispostos a vender a ese prezo. A **curva de procura** é a relación entre o prezo e cantidade máxima que os compradores están dispostos a comprar a ese prezo.
2. O **excedente dunha transacción** é a diferenza entre a valoración do comprador e a valoración do vendedor. O **excedente do comprador** é a diferenza entre a súa valoración do ben e o prezo que paga por el. O **excedente do vendedor** é a diferenza entre o prezo que cobra polo ben e a súa valoración. Unha transacción é mutuamente beneficiosa (beneficiosa tanto para o comprador como para o vendedor) se o prezo acordado está comprendido entre a valoración do vendedor e a a valoración do comprador. O **excedente social** é a suma dos excedentes dos produtores e dos consumidores.
3. Un mercado funciona eficientemente cando se obtén o excedente social máximo. O excedente social obtido nun mercado será máximo cando non resten transaccións que xeren un excedente positivo –e, por tanto, que potencialmente resultasen mutuamente beneficiosas- sen realizar. Un mercado que funciona eficientemente explota todas as ganancias da troca. Se un mercado funciona eficientemente xa non existe a posibilidade de que algún individuo mellore sen que algún outro empeore.
4. A contribución máxima ao excedente social dun individuo, é a diferenza entre o excedente social máximo se este individuo participa no mercado e o excedente social máximo se non participa. A contribución máxima ao excedente social dun comprador intra-marxinal é a diferenza entre a súa valoración e valoración do comprador marxinal. A contribución máxima ao excedente social dun vendedor intra-marxinal é a diferenza entre a valoración do vendedor marxinal e a súa valoración.
5. Un mercado é perfectamente concorrencial se existe libre participación e existen polo menos un comprador e un vendedor que teñen a mesma valoración. Un mercado perfectamente concorrencial funciona eficientemente pois realízanse todas as transaccións mutuamente beneficiosas e, por tanto, o excedente social é máximo. Nun mercado perfectamente concorrencial o excedente de cada individuo é igual á súa contribución ao excedente social.
6. Nas economías de mercado perfectamente concorrenciais os prezos transmiten toda a información que un individuo necesita para tomar as súas decisións e compatibilizan os incentivos de todos os individuos que integran o mercado.

7. Unha acción é xulgada segundo un criterio procedemental se é xulgada conforme ás regras do xogo que respectou, é dicir, segundo o procedemento que seguiu. Os mercados concorrencias respectan a libre participación dos individuos. Unha acción é xulgada segundo un criterio consecuencialista se é xulgada conforme as consecuencias ás que deu lugar. Os mercados concorrencias maximizan o excedente social e retribúen a cada quen conforme a súa contribución ao excedente social.

ACTIVIDADES

1. Que é o excedente dunha transacción? Se un comprador valora en 4 un ben e un vendedor valora en 2 ese mesmo ben? Cal é o excedente da transacción? Se o prezo que acordan é 3 euros, cal é o excedente do comprador? E o do vendedor?
2. Cando afirmamos que un mercado funciona eficientemente? Se existen transaccións potencialmente beneficiosas sen realizar, funciona eficientemente o mercado? Discuta as súas respostas.
3. Defina a contribución máxima dun individuo ao excedente social. Sexa a valoración marxinal de compradores e vendedores 4 euros. Se a valoración dun comprador é 9 euros, cal é a súa contribución ao excedente? Se a valoración dun vendedor é 2 euros, cal é a súa contribución ao excedente?
4. A que é igual o prezo de equilibrio nun mercado perfectamente concorrencial? Por que?
5. Se vostede ve unha persoa morrendo de fame na rúa e encontra o facto moralmente reprobábel, que criterio está usando para xulgar a situación, procedemental ou consecuencialista? Por que? Cal é a diferenza entre o criterio procedemental e o consecuencialista?

